

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA, POLA QUE SE RESOLVEN AS SOLICITUDES PARA O ACCESO TEMPORAL AO ÁMBITO DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO RÍA DE CEDEIRA A DIVERSAS EMBARCACIÓNS.

Antecedentes

O 20.03.2024 na reunión do órgano de xestión, seguimento e control (en adiante OXESCO) da Reserva Mariña de Interese Pesqueiro Ría de Cedeira (en adiante REMIP-RÍA DE CEDEIRA), a Confraría de Pescadores de Cedeira comunica as solicitudes das seguintes embarcacións para acceder á REMIP coas modalidades e períodos:

Embarcación	Matrícula	Tipoloxía	Modalidade de solicitude	Período solicitado 2024
PLAYA DE SONREIRA	3ª FE-4-2-07	>1,5 GT	Nasa centola	10/10/2024 – 31/12/2024
O MEIXON	3ª CO-1-1-09	>1,5 GT	Nasa centola	10/10/2024 – 31/12/2024
FANXE	3ª FE-3-1953	≤1,5 GT	Nasa centola	10/10/2024 – 31/12/2024
SEGAÑO UNO	3ª FE-4-1-02	>1,5 GT	Trasmallo	01/11/2024 – 31/12/2024
MAÑON UN	3ª CO-3-1608	>1,5 GT	Trasmallos	01/11/2024 – 31/12/2024
NUEVA CEDEIRA	3ª FE-3-3-91	>1,5 GT	Trasmallo	01/11/2024 – 31/12/2024
SUSANA	3ª CO-4-1556	≤1,5 GT	Trasmallos	01/11/2024 – 31/12/2024
PALOMA	3ª VILL-3-3-99	≤1,5 GT	Trasmallos	01/11/2024 – 31/12/2024
NUEVA CEDEIRA	3ª FE-3-3-91	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
O CANOURA	3ª FE-5-1-16	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
CAJALLO	3ª FE-4-1-01	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
ANGEL	3ª FE-4-1-96	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
O MEIXON	3ª CO-1-1-09	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
FANXE	3ª FE-3-1953	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
PLAYA DE SONREIRA	3ª FE-4-2-07	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
HORA BUENA	3ª VI-4-5553	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
O FREDY	3ª FE-5-1-15	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
SUSANA	3ª CO-4-1556	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
MASCATO UN	3ª FE-4-9-05	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
FESUS Y JAVIER III	3ª FE-3-1632	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
NUEVA CEDEIRA	3ª FE-3-3-91	>1,5 GT	Liña ou cordel	01/03/2024 – 31/12/2024
O CANOURA	3ª FE-5-1-16	>1,5 GT	Liña ou cordel	01/03/2024 – 31/12/2024
O GUERRERO	3ª VI-3-1922	≤1,5 GT	Palangrillo	01/03/2024 – 31/12/2024
MAÑON UN	3ª CO-3-1608	>1,5 GT	Nasa polbo	O autorizado no PXI para o 2024
ANXO MARÍA	3ª FE-4-16-01	>1,5 GT	Nasa polbo	O autorizado no PXI para o 2024





Xunto ás solicitudes xuntouse o informe elaborado pola asistencia técnica respecto ao estado da reserva mariña no 2023.

Consideracións legais e técnicas

1. O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira (DOG núm. 33, do 17.02.2009; corrección de erros DOG núm. 49, do 11.03.2009) establece, no seu artigo 4º as actividades permitidas e limitacións no uso da reserva. Entre as actividades permitidas:

"a) A pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona: anzois, nasas, enmalle nas modalidades tradicionalmente autorizadas e de conformidade co establecido no Plan de xestión integral a que se refire o artigo 7º."

2. O artigo 8º, no que se regulan as condicións de acceso ao ámbito da reserva mariña, establece que poderán exercer a pesca marítima profesional neste ámbito as embarcacións de arqueo igual ou inferior a 1,5 GT. Non obstante, na epígrafe 3 do artigo 8.1 tamén se determina:

"[...] Co fin de adecuar as posibilidades reais de pesca ao estado dos recursos e ás características da frota, a dirección xeral competente en materia de recursos mariños, por proposta do órgano de xestión, seguimento e control, poderá autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT. En todo caso, respectaranse os fins perseguidos no ámbito da reserva e recollidos no artigo 1.2 deste decreto e teranse en conta os informes técnicos emitidos ao respecto."

3. A Orde do 18 de agosto de 2010 pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira (DOG núm. 173, do 8 de setembro de 2010), pola que se regula o uso e xestión da Remip-Ría de Cedeira, define no seu artigo 4 os usos pesqueiros permitidos:

"1. [...] poderán desenvolver a pesca marítima profesional nas áreas non delimitadas como reservas integrais e como zonas de protección especial, coas seguintes artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona:

- a) Artes de anzol: liña/cordel e palangrillo.*
- b) Nasas: nasa nécora, nasa polbo e nasa camarón.*
- c) Artes de enmalle: trasmallos*

Non obstante, nas augas continentais respectarase a normativa relativa ao uso e calamento das artes de anzol e enmalle."

4. O Plan de xestión integral para os anos 2024, 2025 e 2026 aprobado por Resolución do 27.03.2024 da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, regula o uso das artes de enmalle, anzol e nasas e as principais pesqueiras con elas nas súas epígrafes 5.10.2.1, 5.10.2.2 e 5.10.2.3, respectivamente.



5. O 20.03.2024, en base ao informe anual da REMIP de 2023, o Oxesco valorou favorablemente as características técnicas das embarcacións e o estado da Reserva respecto ás solicitudes presentadas polas embarcacións: PLAYA DE SONREIRA (3ª FE-4-2-07), O MEIXON (3ª CO-1-1-09), FANXE (3ª FE-3-1953), SEGAÑO UNO (3ª FE-4-1-02), NUEVA CEDEIRA (3ª FE-3-3-91), SUSANA (3ª CO-4-1556), PALOMA (3ª VILL-3-3-99), O CANOURA (3ª FE-5-1-16), CAJALLO (3ª FE-4-1-01), ANGEL (3ª FE-4-1-96), HORA BUENA (3ª VI-4-5553), O FREDY (3ª FE-5-1-15), MASCATO UN (3ª FE-4-9-05), FESUS Y JAVIER III (3ª FE-3-1632), O GUERRERO (3ª VI-3-1922) e ANXO MARÍA (3ª FE-4-16-01). Sen embargo, o dito Oxesco non estima favorable a inclusión da embarcación MAÑON UN de folio e matrícula 3ª CO-3-1608, debido as súas particulares características técnicas respecto do tramo arqueo GT de 10 a 25 GT e o tramo de eslora de 12 a 18 m.

6. O artigo 11 do Decreto 50/2023 de 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.

7. Informe UTPB/23/S030 do Servizo de Planificación da Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Autorizar o acceso temporal ao ámbito da Remip-Ría de Cedeira ás seguintes embarcacións coas modalidades e períodos que se indican a continuación:

Embarcación	Matrícula	Tipoloxía	Modalidade de solicitude	Período solicitado 2024
PLAYA DE SONREIRA	3ª FE-4-2-07	>1,5 GT	Nasa centola	10/10/2024 – 31/12/2024
O MEIXON	3ª CO-1-1-09	>1,5 GT	Nasa centola	10/10/2024 – 31/12/2024
FANXE	3ª FE-3-1953	≤1,5 GT	Nasa centola	10/10/2024 – 31/12/2024
SEGAÑO UNO	3ª FE-4-1-02	>1,5 GT	Trasmallo	01/11/2024 – 31/12/2024
NUEVA CEDEIRA	3ª FE-3-3-91	>1,5 GT	Trasmallo	01/11/2024 – 31/12/2024
SUSANA	3ª CO-4-1556	≤1,5 GT	Trasmallos	01/11/2024 – 31/12/2024
PALOMA	3ª VILL-3-3-99	≤1,5 GT	Trasmallos	01/11/2024 – 31/12/2024
NUEVA CEDEIRA	3ª FE-3-3-91	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
O CANOURA	3ª FE-5-1-16	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
CAJALLO	3ª FE-4-1-01	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
ANGEL	3ª FE-4-1-96	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024





O MEIXON	3ª CO-1-1-09	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
FANXE	3ª FE-3-1953	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
PLAYA DE SONREIRA	3ª FE-4-2-07	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
HORA BUENA	3ª VI-4-5553	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
O FREDY	3ª FE-5-1-15	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
SUSANA	3ª CO-4-1556	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
MASCATO UN	3ª FE-4-9-05	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
FESUS Y JAVIER III	3ª FE-3-1632	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2024 – 31/12/2024
NUEVA CEDEIRA	3ª FE-3-3-91	>1,5 GT	Liña ou cordel	01/03/2024 – 31/12/2024
O CANOURA	3ª FE-5-1-16	>1,5 GT	Liña ou cordel	01/03/2024 – 31/12/2024
O GUERRERO	3ª VI-3-1922	≤1,5 GT	Palangrillo	01/03/2024 – 31/12/2024
ANXO MARÍA	3ª FE-4-16-01	>1,5 GT	Nasa polbo	O autorizado no PXI para o 2024

As embarcacións deberán cumprir as condicións establecidas na Orde do 18 de agosto de 2010, pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira, no Plan de xestión integral aprobado para os anos 2024, 2025 e 2026, así como a demais normativa de aplicación para as respectivas modalidades e pesqueiras autorizadas.

2. Non autorizar o acceso temporal ao ámbito da Remip-Ría de Cedeira, coas modalidades e períodos solicitados, á embarcación "MAÑÓN UN" 3ª CO-3-1608, debido a que coas súas particulares características técnicas (tramo de arqueado GT de 10 a 25 GT e tramo de eslora de 12 a 18 m) e a que non existen medios para comprobar que o acceso á Reserva Mariña vai a ser esporádico, non se pode garantir que o incremento do esforzo dentro da reserva vai a ser reducido e que o volume de capturas inflúa escasamente no estado do recurso, respectando os fins perseguidos no ámbito da reserva.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro do Mar da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, *na data e hora da sinatura dixital*
O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Antonio Basanta Fernández

